

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Orde do 28 de xaneiro de 2004 pola que se clasifica como benéfico social a Fundación Caixanova.

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 25, do 6 de febreiro de 2004, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 1.610, columna primeira, liña 20, onde di: «Guillermo Brea Vila como vogal», deberá dicir: «Guillermo Brea Vila como secretario».

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Decreto 100/2004, do 13 de maio, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da nova estrada de conexión N-525 coa OU-536 (antiga C-536), treito: A Granxa-Rairo. (Clave: OU/02/190.01).

Con data do 29 de abril de 2004 o director xeral de obras públicas, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda aprobou o proxecto de trazado da nova estrada de conexión N-525 coa OU-536 (antiga C-536), treito: A Granxa-Rairo (clave: OU/02/190.01).

Os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguranza vial.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de maio de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios

e que se concretan no expediente administrativo instruído para efectos de expropiación no proxecto de trazado da nova estrada de conexión N-525 coa OU-536 (antiga C-536), treito: A Granxa-Rairo (clave: OU/02/190.01).

Santiago de Compostela, trece de maio de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Alberto Núñez Feijoo
Conselleiro de Política Territorial,
Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña.

O artigo 6.2º da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece o procedemento de elaboración e aprobación dos estatutos das universidades, determinando que serán elaborados por aquelas e, logo do seu control de legalidade, aprobados polo Consello de Goberno da Comunidade Autónoma.

A Universidade da Coruña presentou ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o proxecto de estatutos, aprobado polo seu claustro universitario na sesión do 24 de marzo de 2004, para a correspondente aprobación e publicación por parte desta Comunidade Autónoma.

Na súa virtude, de acordo co disposto no citado artigo 6.2º da Lei orgánica 6/2001, cumpridos os trámites establecidos, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de maio de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Apróbanse os estatutos da Universidade da Coruña coa redacción que figura no anexo deste decreto, e ordénase a súa publicación.

Artigo 2º

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trece de maio de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Estatutos da Universidade da Coruña
Título preliminar

Da natureza e funcións da universidade

Artigo 1º

1. A Universidade da Coruña é unha institución pública, dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e coa lei, e a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

2. Son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

a) A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

b) A preparación para o exercicio de actividades profesionais que exixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística.

c) A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

d) A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Artigo 2º

1. A Universidade da Coruña, vinculada á realidade histórica de Galicia, dedicarlle especial atención ao estudo e desenvolvemento da identidade cultural do noso país e dos diversos aspectos da sociedade galega.

2. A Universidade da Coruña promoverá a plena integración no espazo europeo de ensino superior e a proxección en América Latina.

Artigo 3º

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade da Coruña poderá articular as súas actividades con outras universidades, dentro e fóra do sistema universitario galego, e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais.

Artigo 4º

Na realización das súas actividades, a universidade aterase aos principios reitores do Estado social e democrático de dereito, defensa da autonomía e liberdade de cátedra, promoción da calidade e a súa avaliación e o mellor servizo á sociedade e aos membros da comunidade universitaria.

Artigo 5º

1. Na Universidade da Coruña serán linguas oficiais as recoñecidas no Estatuto de autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razóns de uso de calquera delas.

2. A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades.

Artigo 6º

As instalacións da Universidade da Coruña non poderán ser empregadas con fins políticos, relixiosos ou de calquera índole, que non responda aos fins e á filosofía desta.

Título I

Da estrutura da universidade

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 7º

1. A Universidade da Coruña está constituída polos campus da Coruña e de Ferrol.

2. A Universidade da Coruña potenciará o desenvolvemento harmónico dos seus campus.

Artigo 8.

A estrutura académica da universidade estará integrada por facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores, escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas, departamentos, institutos universitarios de investigación e outros centros, incluídos os que organicen ensinanzas en modalidade non presencial.

Capítulo II

Dos departamentos

Artigo 9º

1. Os departamentos son os órganos encargados de coordinar as ensinanzas dunha ou varias áreas de coñecemento nun ou varios centros, de acordo coa programación docente da universidade.

2. Son funcións dos departamentos:

a) Organizar e desenvolver, nos diferentes ciclos dos estudos universitarios, as ensinanzas propias da área ou áreas de coñecemento da súa competencia.

b) Apoiar as actividades e iniciativas investigadoras do persoal adscrito á área ou áreas de coñecemento da súa competencia.

c) Organizar e desenvolver estudos de terceiro ciclo.

d) Contratar con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización.

e) Participar na elaboración de plans de estudo, no procedemento de selección do persoal docente e investigador e nos procesos de avaliación da calidade institucional.

f) Calquera outra que lles asignen as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

3. Os departamentos rexeranse por un regulamento de réxime interno que será elaborado polo consello de departamento e aprobado polo consello de goberno.

Artigo 10º

1. Os departamentos constituiranse por áreas de coñecemento, agruparán os docentes e investigadores correspondentes e adscribiranse aos centros en razón da actividade académica desenvolvida.

2. A creación, modificación e supresión dos departamentos correspóndelle ao consello de goberno, de acordo coas normas básicas aprobadas polo Goberno.

3. A adscrición será realizada polo consello de goberno, por proposta do departamento interesado e logo do informe do centro ou centros afectados.

Capítulo III

Das facultades ou escolas

Artigo 11º

1. As facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou universitarias politécnicas son os centros encargados da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio español.

2. Son funcións das facultades ou escolas:

a) Elaborar a proposta dos plans de estudo das ensinanzas que se impartan nelas.

b) Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.

c) Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes que cursasen ou cursen estudos nelas, sen prexuízo do mantemento, por parte da universidade, de arquivos centralizados.

d) Expedir as certificacións solicitadas polos estudantes do centro.

e) Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e equipamentos.

f) Promover actividades culturais e de extensión universitaria.

g) Participar nos procesos de avaliación da calidade.

h) Calquera outra que lles atribúan as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

Artigo 12º

A creación, modificación e supresión dos centros aos cales se refire o artigo anterior serán acordadas pola Xunta de Galicia, por proposta do consello social ou por propia iniciativa, co acordo do referido consello e, en todo caso, logo de informe do consello de goberno da universidade.

Artigo 13º

Os centros rexeranse por un regulamento de réxime interno que elaborarán as xuntas de centro e que

será aprobado polo consello de goberno, por proposta da xunta de centro respectivo.

Capítulo IV

Dos institutos universitarios de investigación

Artigo 14º

1. Os institutos universitarios de investigación son centros dedicados á investigación científica e técnica ou á creación artística e á docencia especializada, de posgrao e de doutoramento.

2. O ámbito de actuación dun instituto non poderá coincidir co dun departamento.

Artigo 15º

Son funcións dos institutos universitarios de investigación:

a) A planificación e execución de programas de investigación básica ou aplicada e, se é o caso, de creación artística.

b) A organización e o desenvolvemento de cursos especializados e de doutoramento.

c) O asesoramento técnico no ámbito da súa competencia.

d) A promoción e realización de contratos con persoas físicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, de acordo coa lexislación vixente e con estes estatutos.

e) Calquera outra función que as leis e estes estatutos lles atribúan.

Artigo 16º

1. Os institutos universitarios de investigación poderán ser:

a) Propios da Universidade da Coruña.

b) Interuniversitarios.

c) Adscritos á Universidade da Coruña.

d) Concertados.

2. Os institutos propios da Universidade da Coruña terán unha dependencia orgánica do consello de goberno.

3. A Universidade da Coruña poderá participar con outras universidades na constitución de institutos interuniversitarios de nova creación ou resultantes da fusión de institutos xa existentes, mediante os correspondentes convenios.

4. Para os institutos universitarios adscritos observarase o recollido nestes estatutos para centros adscritos.

5. Os institutos concertados son aqueles creados en colaboración con organismos públicos ou privados, mediante un convenio en que se establecerá unha estrutura orgánica de relación coas entidades colaboradoras.

Artigo 17º

1. A creación ou supresión dun instituto axustarase ao recollido no artigo 12º destes estatutos.

2. O persoal científico dos institutos estará constituído por profesores e investigadores da universidade, sen prexuízo do previsto nos convenios relativos aos institutos adscritos e concertados.

Capítulo V
Centros adscritos

Artigo 18º

Poderán adscribirse á universidade centros docentes ou de investigación ou creación artística, que dispensen ensino universitario ou equivalente, mediante convenio que subscriba a Universidade da Coruña coa entidade pública ou privada promotora do centro. A adscrición realizarase nos termos establecidos no artigo 12º destes estatutos.

Artigo 19º

O convenio de adscrición conterà, polo menos, as seguintes cláusulas:

a) Obrigas asumidas polo centro adscrito para o establecemento e o desenvolvemento do ensino e da investigación, que estarán limitadas ao seu ámbito e nivel de competencias.

b) Medios materiais e persoais dos que dispón para o cumprimento das súas funcións.

c) Apoio que nos planos técnico, administrativo e docente-investigador lle prestará, se é o caso, a Universidade da Coruña ao centro adscrito.

d) Establecemento de órganos de conexión entre a Universidade da Coruña e o centro adscrito, garantíndose, en calquera caso, a representación maioritaria da universidade.

e) Proposta de regulamento de réxime interno, no cal se garanta a participación dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos nos seus órganos de goberno, nas mesmas proporcións que as que se establecen para os órganos de goberno dos centros propios da Universidade da Coruña. Este regulamento deberá ser aprobado polo consello de goberno.

f) A duración da adscrición, así como as condicións de rescisión e renovación.

Artigo 20º

Para impartir docencia nos centros adscritos será requisito imprescindible a *venia docendi* outorgada polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña, logo de informe dos departamentos afectados. A Universidade da Coruña supervisará, a través do consello de goberno, co asesoramento dos departamentos con áreas de coñecemento implicadas, a docencia e a investigación que se levan a cabo nestes centros.

Capítulo VI
Outros centros

Artigo 21º

1. Nos termos da lexislación vixente, a Universidade da Coruña, en uso da súa autonomía, poderá crear outros centros docentes, de investigación ou de creación artística, propios ou concertados, distintos das facultades, escolas e institutos.

2. Os centros de especialización profesional estarán orientados á formación e ao perfeccionamento profesionais dos titulados universitarios ou, se é o caso, de estudantes universitarios de cursos avanzados.

3. Os centros tecnolóxicos estarán orientados a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación e asesoramento.

4. A creación e supresión destes centros correspóndelle ao consello social, oído o consello de goberno, de acordo co disposto no convenio, no caso de centros concertados.

5. Os criterios e as condicións para o acceso aos estudos que se poidan seguir nos centros de especialización profesional deben ser determinados polo consello de goberno, por proposta do centro correspondente.

Título II

Do goberno e representación da universidade

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 22º

Son órganos da Universidade da Coruña os que a seguir se relacionan:

a) Colexiados: consello social, consello de goberno, claustro universitario, xunta consultiva, xuntas de facultade, de escola técnica ou politécnica superior e de escola universitaria ou escola universitaria politécnica, e consellos de departamento.

b) Unipersoais: reitor, vicerreitores, secretario xeral, xerente, decanos, vicedecanos e secretarios de facultades, directores, subdirectores e secretarios de escolas técnicas ou politécnicas superiores, de escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas; directores e secretarios de departamentos; directores de institutos universitarios de investigación.

c) Aqueloutros que se configuren como tales de conformidade co disposto nos estatutos.

Artigo 23º

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados constitúe un dereito e un deber para todos os membros.

2. A dedicación a tempo completo será requisito para o desempeño dos órganos unipersoais de goberno, que en ningún caso se poderán exercer simultaneamente.

3. Os representantes dos diferentes sectores da comunidade universitaria nos órganos de goberno contarán con todas as facilidades necesarias para cumprir co deber de informar os seus representados.

4. Para a elección de representantes nos órganos colexiados ou para a elección de titulares de órganos unipersoais non se admitirá a delegación de voto.

Capítulo II Dos órganos colexiados

Sección primeira Do consello social

Artigo 24º

1. O consello social é o órgano de participación da sociedade na universidade e coas competencias atribuídas polas leis.

2. Formarán parte do consello social, o reitor, o secretario xeral e o xerente, así como un profesor, un estudante e un representante do persoal de administración e servizos, elixidos polo consello de goberno de entre os seus membros.

3. A duración do mandato dos representantes do consello de goberno no consello social será de catro anos renovables, agás no caso dos estudantes, que será de dous anos. Os devanditos representantes perderán a súa condición no caso de perderen a condición de membros do consello de goberno.

Sección segunda Do claustro universitario

Artigo 25º

1. O claustro universitario é o máximo órgano de representación da comunidade universitaria.

2. Correspóndelle ao claustro:

- a) Elaborar os estatutos da universidade.
- b) Elaborar a reforma dos estatutos da universidade.
- c) Convocar, con carácter extraordinario, eleccións a reitor por iniciativa dun terzo dos seus membros e coa aprobación de dous terzos.
- d) Elixir os membros do claustro no consello de goberno, reflectindo a composición dos distintos sectores daquel.
- e) Elixir, por maioría absoluta, o valedor universitario, aprobar o seu regulamento e coñecer a memoria anual sobre a súa actividade.
- f) Elixir os membros da comisión electoral da universidade.
- g) Elixir os membros da comisión de reclamacións a que se refire o artigo 66.2º da Lei orgánica de universidades.
- h) Expresar a súa opinión, en forma de recomendacións e declaracións, de conformidade co procedemento regulamentariamente establecido.

i) Elaborar, aprobar e modificar o seu regulamento de réxime interno.

j) Calquera outra competencia que se lle recoñece nas disposicións legais vixentes e nestes estatutos.

Artigo 26º

1. O claustro universitario estará composto polo reitor, que o presidirá, o secretario xeral, que tamén o será do claustro, o xerente e 300 representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria, nos seguintes termos:

- a) Un 51% de profesores funcionarios doutores.
- b) Un 19% de membros das restantes categorías de persoal docente e investigador.
- c) Un 25% de estudantes.
- d) Un 5% de membros do persoal de administración e servizos.

2. Os membros do claustro serán elixidos por un período de catro anos, agás no caso dos representantes dos estudantes, que o serán por dous anos.

3. O claustro reunirase de forma ordinaria ou extraordinaria para o exercicio das súas funcións, de acordo co procedemento previsto no seu regulamento.

4. Todas as sesións serán públicas, de acordo co que estableza o seu regulamento.

Sección terceira Do consello de goberno

Artigo 27º

1. O consello de goberno é o órgano de goberno da universidade.

2. Correspóndelle ao consello de goberno:

- a) Establecer as liñas estratéxicas e programáticas da universidade así como as directrices e os procedementos para a súa aplicación nos ámbitos da organización das ensinanzas, a investigación, recursos humanos e económicos e elaboración dos orzamentos.
- b) Propor o consello social ou, se é o caso, aprobar a creación, modificación ou supresión de centros, institutos, titulacións e estudos.
- c) Crear, modificar ou suprimir departamentos e decidir sobre a súa adscrición aos centros.
- d) Aprobar e modificar plans de estudo, acordar directrices para a súa elaboración e supervisar o seu desenvolvemento e execución.
- e) Elixir os membros das comisións de reclamacións de profesores contratados.
- f) Acordar a creación e minoración de prazas, así como o sistema de provisión.
- g) Aprobar as comisións de concurso de acceso de profesores que obtivesen a habilitación.

h) Outorgar a *venia docendi* dos profesores de centros adscritos.

i) Designar os directores dos institutos universitarios e doutros centros non provistos por elección.

j) Acordar a contratación dos profesores eméritos.

k) Facer propostas sobre o réxime de admisión e permanencia nos estudos e a limitación de prazas.

l) Elixir os membros da xunta consultiva e os da comisión de doutoramento e aprobar os seus regulamentos.

m) Dirimir os conflitos que se puidesen formular entre centros, departamentos e áreas de coñecemento, impulsar a súa actividade recoñecida estatutariamente e suplila cando, tras o requirimento, se deixe de realizar sen a correspondente xustificación.

n) Resolver reclamacións de natureza académica presentadas por estudantes ou profesores, logo do informe do defensor universitario, e constituír, se é o caso, un órgano de avaliación.

o) Aprobar e/ou ratificar os convenios de colaboración con outras universidades e institucións.

p) Acordar o réxime xurídico dos contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

q) Aprobar e modificar as relacións de postos de traballo.

r) Elaborar e aprobar o seu propio regulamento de réxime interno, así como os de desenvolvemento destes estatutos, salvo que se dispoña outra cousa nestes estatutos.

s) Aprobar os regulamentos dos departamentos, centros e institutos universitarios.

t) Aprobar a distribución de créditos orzamentarios entre centros e departamentos.

u) Calquera outra competencia que lle atribúan as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

3. Os acordos do consello de goberno esgotan a vía administrativa.

Artigo 28º

1. O consello de goberno estará constituído por:

a) O reitor, que o presidirá e convocará.

b) O secretario xeral, que será o seu secretario, e o xerente.

c) Vinte conselleiros, elixidos polo claustro de entre os seus membros, dos que oito serán estudantes.

d) Quince conselleiros, elixidos de entre decanos de facultade, directores de escola e directores de departamentos e institutos universitarios en colexio único.

e) Quince conselleiros designados polo reitor.

f) Tres membros do consello social non pertencentes á comunidade universitaria.

2. O consello poderá constituír comisións delegadas.

3. Cando a natureza dos asuntos que se van tratar así o requira, o reitor poderá convocar ás sesións do consello de goberno, con voz pero sen voto, a calquera membro da comunidade universitaria.

Sección cuarta Da xunta consultiva

Artigo 29º

1. A xunta consultiva é o órgano ordinario de asesoramento do reitor e do consello de goberno en materia académica.

2. A xunta consultiva, presidida polo reitor, estará constituída polo secretario xeral e vinte e cinco membros designados polo consello de goberno, nos termos previstos na lei.

3. A xunta consultiva poderá emitir os seus informes, por solicitude do reitor ou por acordo do consello de goberno, e formular propostas sobre asuntos de especial relevancia académica.

4. O consello de goberno aprobará o regulamento de funcionamento.

Sección quinta Das xuntas de facultade e escola

Artigo 30º

1. A xunta de centro é o órgano colexiado de goberno do centro.

2. Correspóndelle:

a) Elixir o decano ou director e, se é o caso, revogalo.

b) Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e administración do centro.

c) Informar sobre a implantación de novas titulacións e estudos.

d) Elaborar e aprobar as propostas de plans de estudos das titulacións que se impartan no centro.

e) Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plan docente do centro coordinadamente cos departamentos adscritos ao centro.

f) Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias impartidas neles polos departamentos, de acordo cos plans de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.

g) Programar os servizos e equipamentos do centro e mais supervisar a súa xestión.

h) Acordar a distribución dos créditos concedidos ao centro e controlar a súa aplicación.

i) Elaborar o regulamento de réxime interno do centro.

j) Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.

k) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

Artigo 31º

1. A xunta de facultade ou escola estará composta por:

a) O decano ou director, que a convocará e presidirá.

b) Os vicedecanos ou subdirectores e o secretario, que o será tamén da xunta.

c) Un 70% de profesores do centro. Todos os profesores funcionarios do centro pertencerán á xunta do centro e representarán, polo menos, un 51% do número total de membros desta. Sempre que sexa posible, o 19% serán profesores non funcionarios.

d) Un 25% de estudantes do centro.

e) Un 5% de persoal de administración e servizos.

2. Quen imparta docencia en máis dun centro só poderá ser membro da xunta de centro en que desenvolva maioritariamente a súa docencia.

3. Os representantes na xunta de centro serán elixidos para un período de dous anos.

Sección sexta

Dos consellos de departamento

Artigo 32º

1. O consello de departamento é o órgano colexiado de goberno do departamento.

2.-Son competencias do consello de departamento:

a) Elixir o director e, se é o caso, revogalo.

b) Programar as actividades docentes e eventualmente investigadoras do departamento, elaborar o seu plan de organización docente e propor os programas de doutoramento.

c) Formular as demandas do persoal docente e investigador.

d) Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.

e) Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.

f) Propor nomeamentos de doutores *honoris causa*.

g) Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.

h) Elaborar o regulamento de réxime interno do departamento.

i) Calquera outra competencia que lle sexa asignada polas disposicións legais vixentes e por estes estatutos.

Artigo 33º

1. O consello de departamento estará composto por:

a) O director, que o presidirá e o convocará, e o secretario.

b) Todos os doutores e todos os profesores e axudantes integrados no departamento.

c) Un representante dos investigadores con cargo a convocatorias oficiais e, se é o caso, dos lectores integrados no departamento.

d) Un 25% de representantes dos estudantes do ámbito de docencia do departamento, dos cales 2/3 corresponderán a estudantes de primeiro e segundo ciclo e 1/3 a estudantes de terceiro ciclo, no caso de que haxa programa de doutoramento.

e) Un representante do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento.

Capítulo III

Dos órganos unipersonais

Sección primeira

Do reitor

Artigo 34º

1. O reitor é a máxima autoridade académica da universidade e ocupa a representación desta. Exerce a dirección, goberno e xestión da universidade, desenvolve as liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados correspondentes e executa os seus acordos.

2. Para o desenvolvemento das súas competencias será asistido por un consello de dirección, no cal estarán presentes os vicerreitores, o secretario xeral e o xerente.

Artigo 35º

1. O reitor será elixido pola comunidade universitaria, mediante elección directa e sufraxio universal, libre e secreto, entre funcionarios do corpo de catedráticos de universidade, en activo, que presten servizos na Universidade da Coruña. Será nomeado polo órgano correspondente da Xunta de Galicia.

2. O voto para a elección de reitor será ponderado conforme as seguintes porcentaxes:

a) 51% correspondente aos profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios.

b) 19% correspondente ao resto do persoal docente e investigador.

c) 25% correspondente aos estudantes.

d) 5% correspondente ao persoal de administración e servizos.

3. O mandato do reitor será de catro anos, coa posibilidade de reelección.

4. O reitor cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento seu ou cando o claustro, con carácter extraordinario, aprobe, de acordo coa lei, eleccións a reitor.

5. Unha vez cesado o reitor, débese proceder, nun prazo máximo de corenta e cinco días, á convocatoria de novas eleccións.

6. No caso de vacante, ausencia ou enfermidade do reitor, asumirá as súas funcións aquel vicerreitor que el designe ou, no seu defecto, o de maior categoría e antigüidade.

Artigo 36º

1. Compéténlle ao reitor as seguintes funcións:

a) Representar a universidade ante os poderes públicos e ante toda clase de persoas ou entidades públicas ou privadas.

b) Decidir a interposición de recursos administrativos e o exercicio de accións xudiciais, dando conta previa ou posterior ao consello de goberno. Representar xudicial e administrativamente a universidade en toda clase de actos ou negocios xurídicos, podendo outorgar mandatos para o exercicio desta representación.

c) Presidir os actos universitarios aos que concorra, sen prexuízo do que dispón a normativa estatal e, se é o caso, autonómica sobre precedencias.

d) Presidir e convocar as sesións do claustro universitario, do consello de goberno e da xunta consultiva.

e) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións da universidade.

f) Asinar todo tipo de convenios en nome da universidade.

g) Nomear os vicerreitores, o secretario xeral e o xerente e, de estimalo necesario, adxuntos aos vicerreitores e ao secretario xeral, para auxiliálos no seu labor de goberno universitario.

h) Nomear os xefes das unidades administrativas e os directores dos servizos xerais da universidade.

i) Nomear os decanos de facultades e directores de escolas, de institutos, departamentos e outros centros.

j) Nomear ou contratar o profesorado e mais o persoal de administración e servizos.

k) Expedir os títulos e diplomas outorgados pola universidade.

l) Autorizar os gastos e ordenar os pagamentos en execución do orzamento da universidade.

m) Presentarlle ao claustro unha memoria anual da súa xestión.

n) Calquera outra función que lle atribúan as disposicións legais vixentes e estes estatutos e, en xeral, aquelas que non estean expresamente atribuídas a outros órganos da universidade.

2. As resolucións do reitor esgotan a vía administrativa.

Sección segunda

Dos vicerreitores

Artigo 37º

1. Os vicerreitores deberán ser nomeados polo reitor entre profesores doutores que presten servizos na Universidade da Coruña.

2. Corresponderalles coordinar e dirixir as actividades no ámbito funcional ou xeográfico que se lles encomende, baixo a autoridade do reitor. O reitor deberá determinar o número, denominación e ámbito de competencia dos vicerreitores, dos cales un terá as funcións de coordinación do campus de Ferrol.

3. Os vicerreitores cesarán no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor.

Sección terceira

Do secretario xeral

Artigo 38º

1. O secretario xeral é o fedatario dos órganos colexiados do goberno dos cales forme parte e das actuacións en que estea presente como tal.

2. Será nomeado polo reitor entre funcionarios públicos do grupo A que presten servizos na universidade.

3. O secretario xeral cesará no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor.

Artigo 39º

Correspóndenlle ao secretario xeral as seguintes funcións:

a) A formación e custodia dos libros de actas dos órganos xerais da universidade, así como a expedición de certificacións do que conteñen e daquelas outras cuestións que consten na documentación oficial da universidade.

b) A custodia do arquivo universitario, sen prexuízo do establecido nestes estatutos, e do selo oficial da universidade.

c) A publicidade dos acordos da universidade.

d) A organización dos actos solemnes da universidade e a xefatura do protocolo.

e) As restantes funcións que lle atribúan as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

Sección cuarta

Do xerente

Artigo 40º

1. O xerente exercerá, baixo a autoridade do reitor, a xestión dos servizos económicos e administrativos da universidade e poderá ocupar, por delegación do reitor, a xefatura do persoal de administración e servizos e mais a xestión do patrimonio da universidade.

2. O xerente será nomeado polo reitor, de acordo co consello social.

3. O xerente terá dedicación a tempo completo e o seu cargo será incompatible con calquera outra actividade profesional pública ou privada. Poderá propor o nomeamento dun ou máis vicexerentes.

Sección quinta

Dos órganos unipersoais dos centros

Artigo 41º

1. Os decanos de facultade e directores de escola teñen a representación dos seus centros e exercen as funcións de dirección e xestión ordinaria destes.

2. Serán nomeados polo reitor, logo de elección pola xunta de centro, entre profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios adscritos ao respectivo centro.

No seu defecto, nas escolas universitarias e nas escolas universitarias politécnicas, o director será elixido entre funcionarios de corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores.

Será de aplicación este último precepto cando na elección de profesores doutores dos corpos docentes universitarios ningún dos candidatos obtivese a maioría absoluta dos membros da xunta de centro, e será elixido o máis votado, sempre que teña un número de votos superior ao acadado na elección entre profesores doutores.

3. A duración do mandato do decano ou director será de catro anos, e poderán ser reelixidos.

4. O decano ou director cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura, aprobada por maioría absoluta da xunta de centro.

Artigo 42º

Correspóndenlle ao decano ou director as seguintes funcións:

- a) Representar o centro.
- b) Presidir as reunións da xunta de centro e de calquera outro órgano colexiado delas e mais executar os seus acordos.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións do centro, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
- d) Dirixir e supervisar as actividades do centro, especialmente a organización das actividades docentes.
- e) Proporlle ao reitor o nomeamento e cesamento do vicedecano ou vicedecanos, subdirector ou subdirectores e secretario do centro.
- f) Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscrito ao centro.
- g) Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribúan as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

Artigo 43º

1. Os vicedecanos ou subdirectores serán nomeados polo reitor, por proposta do decano ou director, de entre os membros da comunidade universitaria do centro.

2. Correspóndelles aos vicedecanos ou subdirectores dirixir e coordinar, baixo a autoridade do decano ou director, a área de competencia que este lles asigne. No caso de existiren varios, o decano ou director designará quen o deberá substituír no caso de ausencia ou enfermidade.

3. Os vicedecanos ou subdirectores cesarán no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, por proposta do decano ou director.

Artigo 44º

1. O secretario é o fedatario dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración do centro.

2. O secretario será nomeado polo reitor, por proposta do decano ou director do centro.

3. Correspóndenlle ao secretario as seguintes funcións:

- a) A formación e custodia dos libros de actas dos órganos colexiados do centro.
- b) A recepción e custodia das actas de cualificación de exames.
- c) A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro.
- d) A custodia do selo do centro e do rexistro deste.
- e) A publicidade dos acordos dos órganos colexiados do centro.
- f) Calquera outra función que lle delegue o decano ou director ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

4. Os secretarios cesarán no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, por proposta do decano ou director.

Sección sexta

Dos órganos unipersoais dos departamentos

Artigo 45º

1. Os directores de departamento teñen a representación deste e exercen as funcións de dirección e xestión ordinaria destes.

2. Os directores de departamento son nomeados polo reitor logo de elección polo consello de departamento entre profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios membros deste ou, no seu defecto, funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores nos supostos previstos na lei. Neste caso poderá ser de aplicación o previsto no artigo 41.2º destes estatutos.

3. De non se poder efectuar o nomeamento do director do departamento por falta de candidatos que reúnan os requisitos exixidos, unha vez oído o consello de departamento, o reitor encargará provisionalmente as funcións de dirección a un dos profesores do departamento.

4. A duración do mandato será de catro anos, e poderán ser reelixidos.

5. Os directores de departamento cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.

6. A elección do director de departamento rexerá por un regulamento elaborado e aprobado polo consello de goberno.

Artigo 46º.

Correspóndenlles aos directores de departamento:

- a) Exercer a representación do departamento.
- b) Presidir e convocar o consello de departamento e executar os seus acordos.
- c) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do departamento.
- d) Organizar as funcións do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento e controlar o seu cumprimento.
- e) Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nestes estatutos.
- f) Executar as previsións orzamentarias.
- g) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

Artigo 47º

1. O secretario do departamento será nomeado polo reitor, por proposta do director, de entre os profesores e axudantes do departamento.

2. O secretario redactará acta das sesións, custodiará a documentación e expedirá certificacións.

3. Exercerá, así mesmo, calquera outra función que lle delegue o director de departamento ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

4. Os secretarios cesarán no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, por proposta do director.

Sección sétima

Dos directores de institutos de investigación

Artigo 48º

1. Os directores de institutos de investigación teñen a representación destes e exercen a súa xestión ordinaria.

2. Serán nomeados polo reitor por proposta do consello de goberno, entre doutores.

Título III Da actividade da universidade

Capítulo I Das ensinanzas e títulos

Artigo 49º

1. A Universidade da Coruña, ademais de impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais, poderá establecer outras para a obtención de diferentes títulos propios, así como programas de especialización profesional e de formación permanente.

2. A universidade poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros, de acordo co procedemento legalmente establecido.

3. A universidade organizará as ensinanzas para a súa plena integración no espazo europeo de ensino superior e a obtención de títulos válidos na comunidade latinoamericana.

Artigo 50º

1. Os plans de estudo responderán á axeitada formación dos estudantes para a súa incorporación ao ámbito profesional e o óptimo aproveitamento dos currículos académicos.

2. O consello de goberno, logo de informe dos centros e departamentos correspondentes, poderá aprobar plans de estudos conxuntos con outras universidades nacionais ou estranxeiras.

Artigo 51º

1. Os estudos de doutoramento organizaranse de acordo cos criterios legalmente establecidos e desenvolvidos polo consello de goberno.

2. Os programas serán elaborados polos departamentos ou institutos universitarios de investigación e aprobados pola comisión de doutoramento e remitidos ao consello de goberno para o seu coñecemento.

3. Para a obtención do título de doutor pola Universidade da Coruña será necesaria a superación dos estudos de terceiro ciclo e a realización e defensa dunha tese de doutoramento, consistente nun traballo persoal e orixinal de investigación sobre unha materia relacionada co campo científico, técnico ou artístico propio do programa de doutoramento.

Artigo 52º

1. A Universidade da Coruña establecerá unha comisión de doutoramento, que estará formada por profesores doutores dos corpos docentes universitarios, de forma que estean representados os ámbitos científicos.

2. Os membros da comisión de doutoramento serán elixidos polo consello de goberno e nomeados polo reitor.

3. A comisión elixirá entre os seus membros un presidente e un secretario.

Artigo 53º

Os estudos de doutoramento rexeranse por un regulamento que reflectirá, polo menos, o procedemento para:

- a) Aceptar ou rexeitar programas de doutoramento.
- b) Propor o número mínimo de estudantes para a realización dun programa.
- c) Recoñecer créditos a actividades académicas incluídas nos programas e validar, se é o caso, créditos doutras actividades académicas de nivel científico equivalente.
- d) Proporlle ao reitor a composición dos tribunais que deberán xulgar e valorar as teses con vistas á obtención do grao de doutor, de acordo coa lexislación vixente.
- e) Avaliar a evolución da demanda académica e o aproveitamento de programas de doutoramento.
- f) Remitirlles ao reitor e ao consello de goberno cantas propostas considere oportunas en materia da súa competencia.

Capítulo II

Da docencia e da investigación

Artigo 54º

1. É obxectivo fundamental da Universidade da Coruña a docencia de calidade para a formación integral dos estudantes.

2. A oferta docente dos departamentos organizarase de acordo coas necesidades de formación dos estudantes e coa especialización académica do seu profesorado.

Artigo 55º

1. A investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento, constitúe unha función esencial da Universidade da Coruña.

2. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador.

3. A universidade fomentará a creación de grupos de investigación de excelencia e a formación do persoal docente e investigador dentro e fóra da universidade, con programas propios.

Artigo 56º

1. Sen prexuízo da libre investigación individual na Universidade da Coruña, realizarase preferentemente en grupos de investigación recoñecidos, nos seus departamentos e institutos universitarios, así como en todos aqueles centros de finalidade fundamentalmente investigadora que a universidade cree en uso da súa autonomía. A universidade, mediante as medidas organizativas, de orzamento e de contratación que sexan precisas, asegurará e fomentará a realización da actividade investigadora.

2. A Universidade da Coruña deberá organizar racionalmente a utilización dos recursos materiais

destinados ás tarefas de investigación, especialmente aqueles que pola súa natureza e custo poidan ser compartidos por varios departamentos ou institutos universitarios.

Artigo 57º

Os departamentos e institutos universitarios apoiarán programas de investigación onde se recollerán todas as liñas de investigación, os proxectos e mais os recursos de persoal e material necesarios.

Artigo 58º

1. A Universidade da Coruña poderá crear empresas de base tecnolóxica, para favorecer a transferencia dos coñecementos xerados e a súa presenza no proceso de innovación do sistema produtivo.

2. Os grupos de investigación recoñecidos pola universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación, e o seu profesorado, a través destes ou dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da universidade dedicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados da investigación, poderán celebrar contratos ou convenios con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación, na forma que regulamentariamente estableza o consello de goberno, sempre que os anteditos convenios ou contratos non representen unha mingua das tarefas propias da universidade nin vulneren o carácter de servizo público desta.

Antes do seu asinamento por quen corresponda, os contratos remitiráselle ao reitor, que poderá declarar a súa improcedencia ao amparo das disposicións legais vixentes.

Os contratos ou convenios establecerán de maneira precisa os compromisos adquiridos por cada unha das partes e especificarán a titularidade dos resultados que deles se deriven e o destino dos bens e recursos que con eles se obteñan. Estes contratos non poderán imporlles á Universidade da Coruña ou aos seus departamentos ou institutos universitarios, obrigas ou responsabilidades fronte a terceiros e serán, se é o caso, imputadas ao seu causante a título particular.

O consello de goberno poderá establecer un mecanismo de avaliación dos resultados dos contratos e convenios para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, co obxectivo de manter o prestixio da Universidade da Coruña.

Capítulo III

Da extensión universitaria

Artigo 59º

1. A extensión universitaria, xunto co estudo, a docencia e a investigación, constitúe unha actividade básica da universidade.

2. Ten como finalidade contribuír ao progreso e á difusión da actividade científica, técnica, cultural e deportiva no ámbito da comunidade universitaria e da sociedade.

Título IV

Da comunidade universitaria

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 60º

A comunidade universitaria da Universidade da Coruña está formada polo persoal docente e investigador, os estudantes e o persoal de administración e servizos.

Artigo 61º

Os membros da comunidade universitaria teñen os dereitos recoñecidos na Constitución e nas leis e, en particular, a:

- a) Participar nos órganos de goberno e administración da universidade.
- b) Recibir información nas cuestións que afecten a comunidade universitaria.
- c) Participar e colaborar en actividades de extensión universitaria.
- d) Recibir prestacións e axudas que ofrezca a universidade nos termos da correspondente convocatoria.
- e) Todos aqueles que se lles recoñezan nas disposicións legais vixentes e nestes estatutos.

Artigo 62º

Son deberes de todos os membros da comunidade universitaria:

- a) Cumprir os estatutos da universidade e os regulamentos que os desenvolven.
- b) Contribuír á mellora e ao desenvolvemento dos fins da universidade.
- c) Potenciar a vinculación e o prestixio da universidade na sociedade.
- d) Cumprir as súas obrigas académicas e laborais.
- e) Respetar o patrimonio da universidade, así como facer unha correcta utilización das súas instalacións, bens e recursos.
- f) Todos aqueles que lles asignen as disposicións legais vixentes e estes estatutos.

Capítulo II

Dos estudantes

Artigo 63º

1. Son estudantes da Universidade da Coruña todos aqueles que cursen estudos en calquera dos seus centros ou departamentos propios.

2. Os estudantes matriculados en centros adscritos, títulos propios da universidade ou en cursos de

estranxeiros, non terán dereitos de participación e representación nos órganos da universidade.

3. A Universidade da Coruña, con obxecto de que ninguén quede excluído do estudo nela por razóns económicas, instrumentará unha política de bolsas, axudas e créditos dirixida aos estudantes, e establecerá modalidades de exención parcial ou total do pagamento dos prezos públicos por prestación de servizos académicos.

Artigo 64º

1. O ingreso dos estudantes na Universidade da Coruña realizarase con pleno respecto aos criterios de obxectividade, igualdade, mérito e capacidade.

2. O consello de goberno regulará, de acordo coa normativa vixente, o procedemento de acceso dos estudantes á universidade.

3. O consello de goberno poderá autorizar a realización de probas específicas de acceso para aquelas titulacións que, polo seu contido, exixan unha comprobación previa de determinados coñecementos. Os criterios e resultados serán obxectivos e públicos.

Artigo 65º

1. Os centros da Universidade da Coruña poderán establecer unha forma cualificada de conclusión de estudos, con carácter opcional para os estudantes, e consistente na presentación dun traballo experimental ou teórico dos estudos correspondentes.

2. O consello de goberno regulará os requisitos e procedementos para a obtención do título correspondente.

Artigo 66º

1. Os estudantes da Universidade da Coruña teñen, ademais dos establecidos con carácter xeral para todos os membros da comunidade universitaria, os seguintes dereitos:

- a) Recibir unha formación integral e unha docencia cualificada e actualizada.
- b) Ser valorados de xeito obxectivo e, na medida do posible, de maneira continuada, ao longo do curso e mais solicitar a revisión das súas cualificacións, nos termos establecidos nestes estatutos.
- c) Asistir ás actividades lectivas programadas.
- d) Participar na avaliación do rendemento docente do profesorado, de acordo co procedemento que se estableza.
- e) Ser orientados nos seus estudos mediante un sistema de tutoría eficaz e operativo.
- f) Optar polo horario que lles resulte máis conveniente, dentro dos establecidos polo centro e segundo a capacidade deste.
- g) Elixir profesor, na medida do posible.
- h) Coñecer, no momento da súa matriculación, a oferta docente e as datas de realización das probas de avaliación.

i) Presentarse en cada materia ás convocatorias que elixan, dentro do número total que fixe o consello social, sen que a non-presentación a elas supoña a perda destas. A elección de convocatoria non implicará discriminación ningunha.

j) Gozar da propiedade intelectual do seu traballo de docencia e investigación.

2. Facilitarase a inserción dos estudantes con necesidades espaciais de tipo físico, psíquico e/ou sensorial.

Artigo 67º

Son deberes dos estudantes da Universidade da Coruña:

a) Realizar os traballos que se deriven dos seus plans de estudos e dos programas que os desenvolvan.

b) Cooperar co resto da comunidade universitaria na mellora dos servizos e na consecución dos fins da Universidade da Coruña.

Artigo 68º

1. A Universidade da Coruña potenciará as asociacións e a participación dos estudantes.

2. A Universidade da Coruña proporcionará locais e medios materiais para as asociacións e agrupacións de estudantes.

3. O consello de goberno da universidade aprobará as normas necesarias respecto da composición, competencias e réxime de funcionamento dos órganos de representación e dos representantes dos estudantes, así como dos medios para levar a cabo as súas funcións.

4. A universidade fomentará a mobilidade dos estudantes, especialmente nos espazos europeo e iberoamericano de ensino superior.

Capítulo III

Do persoal docente e investigador

Artigo 69º

1. O persoal docente e investigador da Universidade da Coruña estará composto por funcionarios dos corpos docentes universitarios e por persoal contratado.

2. Son profesores funcionarios dos corpos docentes universitarios: os catedráticos de universidade, os profesores titulares de universidade, os catedráticos de escola universitaria e os profesores titulares de escola universitaria.

3. A universidade poderá contratar, en réxime laboral, persoal docente e investigador entre as figuras seguintes: axudante, profesor axudante doutor, profesor colaborador, profesor contratado doutor, profesor asociado e profesor visitante, así como profesores interinos de substitución.

4. A contratación de persoal docente e investigador farase mediante concursos públicos, aos que se lles dará a necesaria publicidade.

5. A universidade poderá contratar para obra ou servizo determinado a persoal docente, persoal investigador, persoal técnico ou outro persoal, para o desenvolvemento de proxectos concretos de investigación científica ou técnica.

6. O número de persoal docente e investigador contratado non poderá superar o corenta e nove por cento do persoal docente e investigador da universidade.

7. A UDC poderá cubrir con carácter interino as prazas que correspondan aos corpos docentes universitarios, así como as prazas de persoal contratado fixo ou temporal mentres se produce a súa cobertura definitiva polo procedemento establecido.

Artigo 70º

1. A realización das tarefas docentes e investigadoras estará a cargo dos funcionarios dos corpos docentes universitarios e do persoal docente e investigador contratado.

2. Os catedráticos de universidade, os profesores titulares de universidade e os catedráticos de escola universitaria terán plena capacidade docente e investigadora. Os profesores titulares de escola universitaria terán plena capacidade docente e, cando se atopen en posesión do título de doutor, tamén plena capacidade investigadora.

3. Os profesores contratados terán a capacidade docente e investigadora que a normativa vixente lles confira.

Artigo 71º

1. Os axudantes serán contratados entre os que superasen todas as materias de estudo que se determinen nos criterios aos que fai referencia no artigo 38 da Lei orgánica de universidades e coa finalidade principal de completar a súa formación investigadora.

2. A contratación será con dedicación a tempo completo, por unha duración non superior a catro anos improrrogables.

3. Os axudantes poderán colaborar na docencia, impartindo un máximo de 90 horas anuais.

4. A universidade fomentará a plena formación científica e docente dos axudantes, facilitando estadias noutros centros superiores de investigación.

Artigo 72º

Os profesores axudantes doutores poderán impartir docencia teórica e práctica, asistencia aos estudantes e titorías. A súa carga docente será inferior en número de horas á dos profesores a tempo completo.

Artigo 73º

1. Os profesores colaboradores serán contratados inicialmente por un período máximo de catro anos, podendo ser prorrogados os seus contratos por outros catro anos máis, tras o informe favorable de avaliación nos termos previstos legalmente.

2. Os contratos dos profesores colaboradores adquirirán carácter fixo, logo da avaliación positiva dos dous períodos da súa actividade.

3. Os profesores colaboradores poderán desenvolver as súas tarefas docentes con dedicación a tempo completo ou a tempo parcial.

Artigo 74º

Os profesores contratados doutores poderán desenvolver as súas tarefas docentes e investigadoras con dedicación a tempo parcial ou a tempo completo, podendo, neste último caso, ser contratados con carácter fixo.

Artigo 75º

1. Os profesores asociados serán contratados entre especialistas de recoñecida competencia con carácter temporal e dedicación a tempo parcial, por un período de dous anos prorrogables, de acordo coa lexislación laboral de aplicación e, en todo caso, logo de informe do consello de departamento.

2. Nas áreas relacionadas con ciencias da saúde, aplicarase a duración dos contratos dos profesores asociados prevista polos correspondentes concertos entre universidades e institucións sanitarias.

Artigo 76º

Os profesores visitantes serán contratados entre profesores e investigadores de recoñecido prestixio, con dedicación a tempo completo ou a tempo parcial, por un período máximo dun ano, con posibilidade de prórroga.

Artigo 77º

1. A Universidade da Coruña, por acordo do consello de goberno e proposta dun departamento ou centro, poderá contratar profesores eméritos. A duración máxima da relación contractual será de dez anos, revisable cada catro anos.

2. A súa actividade desenvolverase a tempo parcial ou completo e implicará a posibilidade de colaborar coa universidade na dirección de tarefas de investigación, na docencia correspondente ao terceiro ciclo e, en xeral, en estudos de especialización científica e profesional, nas actividades de extensión universitaria e outras equiparables, cunha retribución compatible coa percepción da pensión de xubilación.

Artigo 78º

A universidade poderá tamén contratar lectores de linguas modernas ou estranxeiras mediante convenios con outras institucións ou universidades.

Artigo 79º

1. O persoal docente e investigador da Universidade da Coruña terá, ademais dos establecidos con carácter xeral para todos os membros da comunidade universitaria, os seguintes dereitos:

a) Exercer as liberdades de cátedra e investigación e obter unha valoración obxectiva do seu labor.

b) O pleno respecto á súa dignidade profesional e persoal no exercicio das súas funcións.

c) A formación permanente, coa finalidade de garantir unha constante mellora da súa capacidade docente e investigadora.

d) Dispor das instalacións e medios axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.

e) Percibir complementos retributivos, de acordo co disposto legalmente e nestes estatutos.

f) Facer uso de licenzas nos termos previstos pola lexislación, os estatutos e o consello de goberno.

2. O profesorado da Universidade da Coruña terá, ademais dos establecidos con carácter xeral, os seguintes deberes:

a) Someterse ao control obxectivo e periódico dos seus labores docentes e investigadores.

b) Colaborar, no seo do departamento, ao establecemento dos contidos e metodoloxías da docencia e liñas de investigación.

c) Cumprir coas súas obrigas docentes e investigadoras.

d) Actualizar a súa formación para perfeccionar a súa actividade docente e investigadora.

Artigo 80º

1. O consello de goberno establecerá anualmente no estado de gastos do orzamento da universidade a relación de postos de traballo do seu profesorado, e acordará a súa modificación.

2. O consello de goberno decidirá a convocatoria das prazas de persoal docente e investigador e, se é o caso, a duración dos contratos ou nomeamentos, de conformidade coas exixencias da normativa aplicable a cada tipo de persoal e tendo en conta as necesidades manifestadas polos departamentos e institutos.

Artigo 81º

1. As comisións de selección do persoal habilitado estarán compostas por cinco membros da área de coñecemento da praza obxecto do concurso que cumpran os requisitos exixidos pola Lei orgánica de universidades.

2. O departamento correspondente propondrá o presidente e o secretario e cinco membros máis, a partir dos cales o consello de goberno designará os tres vocais.

3. Os suplentes proponse e designaranse do mesmo xeito.

Artigo 82º

1. Contra as propostas das comisións de selección de habilitados, os concursantes poderán presentar reclamación ante o reitor. Admitida a reclamación, suspenderanse os nomeamentos ata a resolución por parte deste.

2. A comisión de reclamacións da universidade estará composta por sete catedráticos de universidade de diferentes áreas de coñecemento con ampla experiencia docente e investigadora.

3. A comisión valorará as reclamacións, oídos a comisión de selección, o reclamante e os candidatos interesados, e velará por que se respecten os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, sen detrimento da competencia técnica da comisión de selección. O acordo desta comisión será motivado con constancia, se é o caso, dos votos particulares discrepantes.

Artigo 83º

1. A comisión de selección do persoal docente e investigador contratado estará presidida polo decano ou director do centro.

2. Formarán parte dela o director do departamento ao que se adscriba a praza e tres membros da área de coñecemento da praza do concurso, nomeados polo consello de goberno a partir dunha proposta de cinco membros, realizada polo consello de departamento, sendo funcionario polo menos un deles.

Artigo 84º

1. A selección de profesores contratados doutores constará de tres probas. A primeira consistirá na presentación e discusión coa comisión dos méritos e historial académico, docente e investigador do candidato, así como do seu proxecto docente e investigador, que incluírá o programa dunha das materias ou especialidades da área de coñecemento de que se trate. A segunda consistirá na exposición e debate coa comisión dun tema do programa presentado polo candidato e elixido por este, de entre tres sacados a sorteo. A terceira proba consistirá na exposición e debate coa comisión dun traballo orixinal de investigación.

2. O consello de goberno ditará as normas necesarias para a convocatoria e celebración dos concursos, así como os criterios xerais de valoración.

3. O consello de goberno aprobará a normativa reguladora dos demais contratos de persoal docente e investigador.

Artigo 85º

1. A adscrición provisional de profesores funcionarios en situación de excedencia voluntaria para reingresar no servizo activo faraa o reitor na área de coñecemento correspondente.

2. O consello de departamento, ao que se adscriba provisionalmente o solicitante, asignaralle tarefas docentes e investigadoras acordes co corpo ao que pertenza e coa súa traxectoria profesional.

Artigo 86º

1. Por petición doutra universidade ou organismo público e logo de informe favorable do seu departamento e do consello de goberno, o reitor poderá concederlle comisións de servizo ao profesorado por un curso académico, renovable por igual período.

2. O persoal docente e investigador poderá obter as licenzas para mellorar ou completar a súa formación noutra universidade ou centro, nacional ou estranxeiro, sen prexuízo do cumprimento polo departamento das obrigas docentes que correspondan.

3. As licenzas de duración inferior a un mes, con dereito a percibir o cento por cento das retribucións, poderán ser outorgadas polo decano ou director do centro; as de duración igual ou superior a un mes e menor de tres meses, con dereito a percibir o cento por cento das retribucións, poderán ser outorgadas polo reitor; e as de duración igual ou superior a tres meses, con dereito ao oitenta por cento das retribucións cando non superen o ano, poderán ser concedidas polo consello de goberno.

4. O reitor, logo do informe favorable do departamento correspondente, poderá concederlle permisos non retribuídos ao persoal docente e investigador, con reserva de praza por un período dun ano, renovable por outro.

5. O persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo terá dereito, cada sete anos, a unha licenza por un ano, conservando todos os seus dereitos económicos e administrativos. A concesión destas licenzas, logo da valoración do xeito en que queda asegurada a cobertura da docencia do departamento correspondente, corresponderalle ao consello de goberno.

6. A universidade fomentará a mobilidade dos profesores, especialmente no espazo europeo de ensino superior, así como, en xeral, a dos axudantes.

Artigo 87º

1. O profesorado da Universidade da Coruña exercerá as súas funcións preferentemente en réxime de dedicación a tempo completo, ou ben a tempo parcial. A dedicación será, en todo caso, compatible coa realización de traballos científicos, técnicos ou artísticos, de acordo co previsto legalmente.

2. O cargo de reitor e, se é o caso, o de valedor universitario, permitirá quedar exento de todas as obrigas docentes e investigadoras.

Os cargos de vicerreitor e secretario xeral poderán levar consigo unha redución máxima de horas lectivas e titorías de ata dous terzos destas.

Os cargos de director de centro e de departamento poderán levar consigo unha redución máxima de horas lectivas de ata un terzo destas.

Os demais cargos académicos de centros e departamento poderán levar consigo unha redución máxima de horas lectivas de ata un cuarto destas.

Calquera outra situación especial que implique exención de obrigas docentes deberá ser decidida polo consello de goberno e non poderá superar un cuarto das horas lectivas.

Artigo 88º

Correspóndelle ao reitor o exercicio da potestade disciplinaria, de acordo co procedemento que establece o consello de goberno.

Capítulo IV

Do persoal de administración e servizos

Artigo 89º

1. O persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña estará formado por persoal funcionario das escalas das propias universidades e persoal laboral contratado pola propia universidade, así como por persoal funcionario pertencente aos corpos e escalas das outras administracións públicas que presten servizo na Universidade da Coruña.

2. Correspóndelle ao persoal de administración e servizos as funcións de xestión, apoio, asistencia e asesoramento para a prestación dos servizos universitarios que contribúen á consecución dos fins propios da Universidade da Coruña.

3. O persoal de administración e servizos rexerese polo previsto na Lei orgánica de universidades e nas súas disposicións de desenvolvemento, pola lexislación autonómica ou estatal correspondente ao persoal funcionario ou laboral, polos convenios colectivos aplicables e por estes estatutos.

Artigo 90º

O consello de goberno aprobará e modificará as escalas de funcionarios de administración e servizos.

Artigo 91º

1. O persoal de administración e servizos dependerá orgánicamente da xerencia da universidade e funcionalmente da secretaría xeral, vicerreitorados, decanos e directores de centros, de departamentos, de servizos ou de entes aos que estea adscrito.

2. Sen prexuízo das funcións que lle correspondan ao consello social, determinaranse regulamentariamente e de acordo coa normativa vixente que corresponda en cada caso os sistemas que permitan unha avaliación obxectiva do rendemento do persoal de administración e servizos, para os efectos da correspondente retribución por produtividade.

3. As relacións de postos de traballo da Universidade da Coruña revisaranse e aprobaranse preceptivamente cada dous anos e de modo potestativo cada ano.

Artigo 92º

1. Por proposta da xerencia, tras a consulta preceptiva á xunta de persoal, o consello de goberno establecerá a relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos mediante a creación, modificación e supresión das prazas que se precisen para a adecuada atención dos servizos, consonte o procedemento legalmente previsto.

2. A relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos funcionario e o laboral é o instrumento técnico a través do que se realiza

a ordenación de persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, e incluírá como mínimo:

a) A denominación e a quenda.

b) A unidade orgánica á que están adscritos os postos de traballo e, de ser o caso, a condición de vacante.

c) O nivel de complemento de destino e, se é o caso, as retribucións complementarias.

d) O grupo ou a categoría profesional, as retribucións complementarias e a quenda, cando se trate de postos desempeñados por persoal laboral.

3. O consello de goberno, tras a consulta preceptiva á xunta de persoal, poderá acordar a creación, modificación e supresión das prazas que se precisen para a adecuada atención dos servizos, o cal se reflectirá na relación de postos de traballo existente, consonte o procedemento previsto legalmente.

Artigo 93º

1. Como consecuencia do seu réxime de autonomía e de conformidade co disposto na lei, a universidade seleccionará o seu propio persoal de administración e servizos funcionario, de acordo cos principios de igualdade, publicidade, capacidade e méritos, e garantindo a efectividade do dereito de promoción interna dos funcionarios.

2. A selección do persoal funcionario de administración e servizos levarase a cabo a través dos sistemas legalmente establecidos aprobados polo consello de goberno, tras a consulta preceptiva á xunta de persoal.

3. A provisión de postos de xefatura ou nivel superior ao básico do corpo ou escala realizarase mediante un concurso de méritos entre o persoal funcionario da universidade ou, excepcionalmente, mediante libre designación con convocatoria pública naquelas prazas que así se recollan na relación de postos de traballo.

4. Nos concursos de méritos consideraranse os adecuados ás características dos postos ofrecidos, así como a posesión dun determinado grao persoal, a valoración do traballo desenvolvido, a titulación académica, os cursos de formación e perfeccionamento superados, o coñecemento da lingua galega e a antigüidade, de acordo cos criterios legalmente establecidos.

Artigo 94º

As prazas vacantes adscritas a funcionarios proveranse de acordo coa lexislación vixente, convocándose anualmente a concurso as vacantes da relación de postos de traballo. A universidade facilitará, en todo caso, a promoción interna dos funcionarios.

Artigo 95º

As categorías e grupos profesionais de persoal laboral ao servizo da universidade serán as que se determinen no convenio colectivo.

Artigo 96º

1. O persoal laboral negociará coa Universidade da Coruña o seu propio convenio colectivo, que conterá as súas condicións de traballo segundo a lexislación vixente e estes estatutos.

2. O consello de goberno establecerá a relación de postos de traballo de persoal laboral, elaborada de acordo co seu propio convenio colectivo e coa lexislación vixente.

3. A selección e promoción do persoal laboral de administración e servizos levarase a cabo polos sistemas aprobados polo consello de goberno, de acordo co establecido no seu propio convenio colectivo e na lexislación vixente.

4. A Universidade da Coruña poderá formalizar contratos interinos para a substitución do persoal ou, en caso de vacante, nos termos legalmente establecidos, así como contratos temporais para a realización de traballos específicos non habituais, de conformidade co seu propio convenio colectivo e coa lexislación vixente.

Artigo 97º

No exercicio da súa autonomía e segundo as disposicións legais vixentes, a Universidade da Coruña poderá establecer convenios con outras administracións públicas, co fin de asegurar a mobilidade do seu persoal de administración e servizos.

Artigo 98º

1. A Universidade da Coruña elaborará un plan integral de formación do persoal que conterá as materias correspondentes aos coñecementos necesarios para o desenvolvemento dos diferentes postos de traballo das relacións correspondentes. Para isto, poderá establecer os convenios oportunos coa Escola Galega de Administración Pública e con outros institutos ou centros de formación da universidade ou doutros organismos, para promoción interna e formación profesional dos funcionarios e laborais da Administración universitaria.

2. Así mesmo, promoverase a participación do persoal de administración e servizos en cursos de perfeccionamento e especialización organizados por outros entes públicos ou privados, cando resulte de interese para a mellor realización das súas funcións na universidade. A concesión das licenzas correspondentes para a asistencia a eses cursos será competencia da xerencia da universidade, que deberá ter en conta as necesidades do servizo e a seguridade do seu regular funcionamento.

Artigo 99º

1. O persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña será retribuído con cargo ao seu orzamento.

2. En calquera caso, as retribucións básicas e complementarias non poderán ser inferiores na súa contía ás previstas para os diversos corpos e escalas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia ou

noutras administracións. Os niveis dos postos de traballo non poderán ser inferiores a outros iguais ou similares da Comunidade Autónoma ou doutras administracións.

Artigo 100º

1. O comité de empresa é o órgano de representación legal do persoal laboral de administración e servizos. As súas funcións e a forma de elección son as que establecen as disposicións legais vixentes en materia laboral e estes estatutos.

2. A xunta de persoal do persoal de administración e servizos é o órgano de representación legal do persoal funcionario de administración e servizos. As súas funcións e o modo de elección son as que establecen as disposicións legais vixentes que fosen de aplicación e estes estatutos.

3. A universidade facilitará os medios materiais e económicos necesarios que permitan o normal desenvolvemento das actividades dos órganos de representación do persoal, incluída a utilización do servizo de correo interno para distribución da correspondencia.

Capítulo V Do réxime disciplinario

Artigo 101º

O réxime disciplinario do persoal docente e investigador, estudantes e persoal de administración e servizos é o contido na lexislación xeral administrativa e laboral que lles resultase de aplicación.

Artigo 102º

Correspóndelle ao reitor adoptar as decisións relativas á situación administrativa e ao réxime disciplinario, con excepción da separación de servizo, que será acordada polo órgano competente segundo a lexislación de funcionarios.

Capítulo VI Do valedor universitario

Artigo 103º

1. O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades dos membros da comunidade universitaria.

2. O valedor universitario será nomeado, entre os membros da comunidade universitaria, polo claustro universitario, por maioría absoluta dos seus membros, cada catro anos. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas.

3. O valedor universitario non estará sometido a mandato imperativo ningún e actuará con plena autonomía e independencia de calquera órgano universitario.

Artigo 104º

1. Correspóndelle ao valedor universitario:

a) Propoñerlle ao claustro para a súa aprobación o seu regulamento de funcionamento.

b) Demandar das distintas instancias universitarias canta información considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.

c) Elaborar cantos informes lle sexan solicitados ou considere oportuno emitir en relación coas actuacións en curso.

d) Efectuar as propostas que considere axeitadas para a solución dos casos que sexan sometidos ao seu coñecemento.

2. O valedor universitario non poderá actuar en relación con actos que esgotasen a vía administrativa ou contra os que se interpuxese recurso administrativo ou xurisdiccional.

3. O valedor universitario deberá presentar anualmente ante o claustro universitario unha memoria da súa actividade coas recomendacións e suxestións oportunas.

Título V

Dos servizos universitarios

Artigo 105º

1. A Universidade da Coruña creará e manterá, dentro das súas posibilidades orzamentarias, servizos de apoio á docencia e á investigación e mais servizos de asistencia á comunidade universitaria, coa finalidade de conseguir o mellor cumprimento dos seus obxectivos.

2. Os servizos da universidade poderán ser prestados e xestionados directamente por esta ou por outras entidades, a través dos medios previstos na lexislación vixente, por proposta do consello social ou polo consello de goberno, no ámbito das súas respectivas competencias.

Artigo 106º

1. A creación e supresión dos servizos universitarios, así como a aprobación dos seus regulamentos de organización e funcionamento, correspóndelle ao consello de goberno, por proposta do reitor.

2. Os acordos de creación deberán especificar a dependencia dos servizos e os medios persoais e materiais que se lles teñan que asignar para o desenvolvemento das súas actividades.

3. Os regulamentos de cada servizo deberán establecer canles para a participación dos usuarios.

4. En cada servizo universitario poderá haber un director responsable da súa xestión e funcionamento, que reunirá as características de profesionalidade e experiencia necesarias, e será nomeado polo reitor.

Artigo 107º

A Universidade da Coruña, na medida das súas posibilidades orzamentarias, disporá de servizos sociais para todos os membros da comunidade universitaria.

Título VI

Do réxime económico e financeiro

Artigo 108º

A Universidade da Coruña terá autonomía económica e financeira, de acordo co establecido nas leis.

Artigo 109º

1. Constitúe o patrimonio da universidade o conxunto dos seus bens, dereitos e obrigas.

2. Sen prexuízo das competencias do consello social, incorporaranse ao patrimonio da universidade as doazóns e o material inventariable e bibliográfico adquirido con cargo a fondos de investigación, agás aquel que por convenio deba adscribirse a outras entidades.

3. A Universidade da Coruña asume a titularidade dos bens estatais de dominio público que estean afectos ao cumprimento das súas funcións e a daqueles que no futuro sexan destinados ás mesmas finalidades polo Estado ou pola Comunidade Autónoma de Galicia. Exceptúanse, en calquera caso, os bens que forman parte do patrimonio histórico español.

4. A universidade manterá actualizado o inventario do seu patrimonio, baixo a responsabilidade do xerente.

Artigo 110º

O consello de goberno é competente para lle propor ao consello social a aprobación de programacións plurianuais que conteñan os obxectivos da universidade respecto dos diferentes ámbitos da súa actividade no período previsto, e que poida permitir a realización de convenios e contratos-programa.

Artigo 111º

1. O orzamento será público, único e equilibrado e comprenderá a totalidade dos ingresos e gastos previsibles para o exercicio económico.

2. A estrutura do orzamento da universidade e o seu sistema contable adaptaranse ás normas que con carácter xeral estean establecidas para o sector público, para os efectos da normalización contable.

3. Ao estado de ingresos reflectirá as estimacións dos recursos polos conceptos establecidos na Lei orgánica de universidades.

4. Ó estado de gastos correntes xuntarase a relación de postos de traballo do persoal de todas as categorías da universidade, especificando a totalidade dos custos desta.

5. O reitor presentaralle anteproxecto do orzamento ao consello de goberno.

Artigo 112º

1. O consello de goberno elevará proposta, para a súa aprobación polo consello social, dun regulamento de xestión económica e financeira da universidade.

2. A autorización e ordenación dos gastos e a ordenación e realización dos pagamentos correspondenlle ao reitor que, se é o caso, poderá delegala.

3. A universidade asegurará o control interno dos seus ingresos e gastos e organizará as súas contas, segundo os principios de contabilidade orzamentaria, no marco do que establece a lexislación autonómica vixente.

4. A universidade renderá contas da súa xestión económica a través da correspondente liquidación do orzamento que o consello de goberno lle remitirá ao consello social para a súa aprobación e posterior remisión ao órgano correspondente da Xunta de Galicia.

Artigo 113º

1. A Universidade da Coruña poderá crear fundacións e outras persoas xurídicas para a mellor consecución dos seus fins, de acordo coa lexislación vixente.

2. O consello de goberno regulará os fins e o ámbito destas e será informado da súa xestión económica e financeira.

3. A súa creación será acordada polo consello social, logo de proposta do consello de goberno.

Artigo 114º

Respecto dos contratos ou convenios que poidan subscribir os profesores ou grupos de profesores da UDC conforme estes estatutos, a porcentaxe correspondente á universidade será a mínima que permita a lexislación vixente aplicada á retribución neta do profesor. No caso de que legalmente non se establecese porcentaxe, a universidade aplicará o 15%. Todos os bens e recursos que se financiasen a través dos anteditos contratos ou convenios se integrarán no patrimonio da Universidade da Coruña.

Título VII

Dos actos académicos, premios, honores e distincións

Artigo 115º

1. Os actos académicos realizaranse de conformidade cos usos universitarios e, se é o caso, co previsto no correspondente regulamento aprobado polo consello de goberno.

2. Serán actos académicos solemnes os de apertura de curso, toma de posesión dos reitores e investidura dos doutores *honoris causa*, así como cantos determine o reitor, oído o consello de goberno.

Artigo 116º

1. A Universidade da Coruña poderá concederlles o grao de *doutor honoris causa* a persoas físicas que destaquen no eido da investigación ou da docencia, no cultivo das artes e das letras ou ben naquelas actividades que tivesen unha repercusión notoria e importante desde o punto de vista universitario, no

terreo científico, artístico, cultural, tecnolóxico e social de Galicia, e do mundo en xeral, en relación con Galicia.

2. A proposta para a concesión do grao de doutor *honoris causa* será formulada por un ou varios departamentos, co informe preceptivo do centro ou centros correspondentes, e será aprobada polo claustro universitario.

3. Correspóndelle ao consello de goberno aprobar a concesión da Medalla da Universidade da Coruña.

Título VIII

Da reforma dos estatutos

Artigo 117º

1. A iniciativa para a reforma destes estatutos correspóndelle ao consello de goberno ou ao 25 por cento dos membros do claustro universitario.

2. Ás propostas de reforma dirixidas ao presidente do claustro deberanselles xuntar un texto articulado e a argumentación en que se fundamentan.

3. A reforma dos estatutos requirirá a aprobación por maioría absoluta dos claustrais.

4. Rexeitada unha proposta de modificación, esta non se poderá reiterar ata pasados dous anos.

5. O novo texto será remitido á Xunta de Galicia para a súa aprobación e terá vixencia a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposicións adicionais

Primeira.

1. A normativa reguladora do procedemento administrativo común será aplicable en todos aqueles aspectos non regulamentados por estes estatutos nin polas súas normas de desenvolvemento.

2. O disposto nestes estatutos enténdese sen prexuízo do establecido para o consello social e o Consello Galego de Universidades, nas súas respectivas leis reguladoras.

Segunda.-O consello de goberno adoptará as medidas transitorias necesarias para adaptar as normas dos estatutos que sexan afectadas por desenvolvementos lexislativos posteriores. No prazo de seis meses, o consello de goberno proporalle ao claustro a correspondente reforma dos estatutos de acordo coa normativa prevista nestes.

Terceira.-As escalas actuais de funcionarios de administración e servizos da Universidade da Coruña son:

Grupo A):

- a) Escala de técnicos de xestión.
- b) Escala de facultativos de arquivos e bibliotecas.

Para este grupo exixírase o título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente.

Grupo B):

c) Escala de xestión.

d) Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos.

Para este grupo exixírase o título de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou equivalente.

Grupo C):

e) Escala administrativa.

f) Escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos.

Para este grupo exixírase o título de bacharelato, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

Grupo D):

g) Escala auxiliar, para a cal se exixirá o título de graduado escolar, de formación profesional de primeiro grao ou equivalente.

Grupo E):

h) Escala subalterna, para a cal se exixirá o certificado de escolaridade.

Cuarta.-O concerto entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde será de aplicación, dentro do seu ámbito específico, aos asuntos estatutarios que correspondan.

Quinta.-Os actuais profesores do corpo de profesores numerarios de escolas oficiais de náutica, a extinguir, conservarán todos os dereitos do corpo ao que pertencen, tendo, para efectos destes estatutos, a mesma consideración que os catedráticos de escolas universitarias.

Sexta.-Os mestres de taller e instrutores de tecnoloxía naval, funcionarios docentes declarados a extinguir, conservando todos os dereitos que lles corresponden terán, para os efectos de participación nos órganos colexiados da universidade, a mesma consideración que os profesores titulares de escola universitaria.

Sétima.-Sen prexuízo dos dereitos adquiridos, a Universidade da Coruña comprométese a integrar progresivamente o seu persoal de administración e servizos funcional e laboral nun corpo único.

Disposicións transitorias

Primeira.-A Universidade da Coruña comprométese a facilitar a estabilidade e a promoción do persoal docente e investigador e de administración e servizos.

Segunda.-O persoal docente e investigador contratado pola Universidade da Coruña na data de entrada en vigor destes estatutos permanecerá na mesma situación, conforme a lexislación que lle veña sendo aplicable, ata a finalización dos actuais contratos, que serán prorrogados polo prazo previsto nas disposicións transitorias cuarta e quinta da LOU.

Terceira.

1. A Universidade da Coruña comprométese a crear as correspondentes prazas de contratados que poidan ser ocupadas polos profesores contratados a tempo completo e axudantes doutores que xa o eran no momento da entrada en vigor da LOU e que sigan contratados no momento da entrada en vigor destes estatutos, logo do correspondente concurso convocado para tal efecto polo consello de goberno e sempre que cumpran os requisitos legais exixidos. Nos citados concursos recoñecerase como mérito específico a actividade docente e investigadora desenvolvida na Universidade da Coruña.

2. As devanditas prazas serán creadas do máximo nivel posible.

3. Excepcionalmente, para as prazas de profesor contratado doutor non será de aplicación o disposto no artigo 84º.1 destes estatutos.

4. Os profesores contratados a tempo completo, segundo a LRU, que cumpran os requisitos legais exixidos, poderán acollerse ao réxime de asociados a tempo parcial, garantíndoselles neste último caso o máximo posible de dedicación a tempo parcial previsto pola lei e a retribución proporcional correspondente. Unha vez contratados neste réxime, no caso de que con posterioridade cumpran os requisitos legalmente exixidos, seralles de aplicación o disposto no punto 1 desta disposición.

Cuarta.-A universidade arbitrará medidas que favorezan a continuidade no emprego dos seus profesores en análogas condicións ás que lles viñan sendo de aplicación, tratando de manter a súa vinculación coa universidade.

Quinta.-O profesorado funcionario da Xunta de Galicia, procedente da escala de profesores do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia, que se integre na UDC no período de vixencia destes estatutos, queda integrado na súa propia praza e continúa pertencendo á referida escala de orixe.

Aos citados profesores numerarios respectaráselles os dereitos económicos da escala de procedencia.

Para os efectos destes estatutos, consideraranse equiparados, no que se refire á participación e representación nos órganos colexiados da universidade, aos profesores titulares de universidade no caso de ser doutores, ou a profesores titulares de escola universitaria do centro no cal presten os seus servizos.

Sexta.

1. De acordo co disposto na disposición transitoria segunda, punto 3 da LOU, o claustro universitario continuará coa súa actual composición, cumpridos dous anos desde a publicación destes estatutos no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, continuarán exercendo as súas funcións os representantes electos do claustro nos distintos órganos colexiados da Universidade da Coruña, ata a súa elección, de acordo con estes estatutos.

2. A representación dos decanos de facultade, directores de escola e directores de departamento do actual consello de goberno renovarase no momento en que sexan elixidos os ditos órganos, conforme o previsto no punto 4 desta disposición.

3. O reitor continuará exercendo as súas funcións ata esgotar o mandato para o que foi elixido.

4. No prazo máximo de nove meses, despois de publicados no DOG estes estatutos, procederase á elección das xuntas de centro, consellos de departamento e dos seus decanos e directores, permanecendo ata ese momento en funcións os actuais representantes e cargos.

Disposición derradeira

Estes estatutos entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 12 de maio de 2004 pola que se conceden as axudas para a constitución de redes temáticas convocadas na orde da Consellería de Innovación, Industria e Comercio do 11 de decembro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 19 de decembro).

Por orde da Consellería de Innovación, Industria e Comercio do 11 de decembro de 2003 (DOG do 19 de decembro), convócanse as axudas para o ano 2004 de diversas accións do programa de promoción xeral da investigación do PXIDIT e actualízanse as bases correspondentes aprobadas pola Orde do 1 de abril de 2002 (DOG do 10 de abril). No anexo V das citadas ordes figuran as axudas para a constitución de redes temáticas.

Na súa virtude, de acordo co establecido nas bases da convocatoria, atendendo ás disponibilidades de crédito e tendo en conta a proposta elaborada pola Comisión de Selección de Investigación, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles as axudas para a constitución de redes temáticas aos beneficiarios que se

citan no anexo a esta resolución, na contía que se sinala.

As axudas concedidas teñen unha duración dun ano contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo.-De conformidade coa base 7 da convocatoria, os beneficiarios destas axudas quedan obrigados a presentar unha memoria científica final que resuma o alcance dos obxectivos propostos na solicitude, xunto cunha descrición dos gastos efectuados e o equipamento adquirido.

A inobservancia dos beneficiarios de calquera dos requisitos establecidos na orde de convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a subvención correspondente.

Terceiro.-A subvención será librada a través do organismo a que pertenza o investigador que actúa como responsable e coordinador da solicitude.

Antes do pagamento, os beneficiarios están obrigados a presentar unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou das concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Cuarto.-Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta no *Diario Oficial de Galicia*. De non estimar a interposición deste recurso, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2004.

P.D. (Orde 21-1-2003, DOG do 27 de xaneiro)
Jesús Vázquez San Luis

Secretario xeral da Consellería de Innovación,
Industria e Comercio

ANEXO

Beneficiario	Organismo	Denominación	Importe 2004	Importe 2005	Total
Bermúdez de Castro López-Varela, Alfredo	Universidade de Santiago de Compostela	Foro estable de interacción matemática aplicada-industria	9.000 €	9.000 €	18.000 €
Ladra González, Manuel	Universidade de Santiago de Compostela	Rede Galega de Álgebra, Computación e Aplicacións (Regaca)	9.000 €	9.000 €	18.000 €
Totais			18.000 €	18.000 €	36.000 €